Frear o impacto negativo (académico, social, familiar, emocional, económico,...) que está a ter o xogo de azar en menores deste concello

INFORMACIÓN

Concello de Narón.
Servizo Sociocomunitario Municipal
Tlf.: 981337700 Ext 1103
omix@naron.es

NARÓN

FÓRA DE XOGO

Proxecto do Concello de Narón de prevención da ludopatía en menores

Que é Fóra de xogo?

Este proxecto xorde da observación dun fenómeno social de moi recente aparición: a ludopatía en menores.

Nos últimos tempos, moitos medios de comunicación veñen facéndose eco da preocupación de profesionais da educación e da psicoloxía, sobre este fenómeno que ten unha rápida expansión nos menores. Estanse detectando moitos casos de inicio no xogo con apostas, e moitos deles derivando en condutas problemáticas e aditivas, en ludopatía.

Este proxecto municipal pretende contribuír a frear esta problemática, e as consecuencias no rendemento escolar, convivencia familiar, situación económica, alteracións condutuais e emocionais. Está orientado á prevención destas condutas.

Tivéronse en conta os seguintes aspectos: características do xogo en liña, as idades de inicio, o acceso precoz a Internet, o papel das familias e o impacto de amplo espectro: social, familiar, económico, educativo, emocional….

Na primeira fase do proxecto e có obxectivo de coñecer o impacto do xogo con apostas nos adolescentes deste Concello, realizaremos un estudo científico en colaboración coa Universidade de Santiago.

Ámbitos de actuación

1. Ámbito escolar
A través de obradoiros de sensibilización con alumnado de 3º e 4º de ESO dos centros de ensino de Narón.

Contidos:
- Que é a ludopatía?
- Hábitos de xogo con apostas
- "Non é un xogo, é un negocio"
- Toma de conciencia dos riscos e consecuencias negativas
- Estratexias de evitación
- Cando é un problema. Que facer.

2. Ámbito familiar
Mediante obradoiros informativos e preventivos nas escolas de familia municipais e nos centros cívico sociais.

Contidos:
- A ludopatía do século XXI
- Características do xogo das apostas
- Perfil dos menores que xogan
- Identificación de sinais de alerta
- Normas e límites no uso das TIC
- Uso non prexudicial das TIC
- Alternativas de ocio familiar

3. Ámbito social
Mediante a realización dunha **mesa redonda** aberta a toda a cidadanía, na que participarán expertos profesionais en ludopatías en menores: ***"Menores e Ludopatía: cando o xogo deixa de selo"***

O 23 de maio de 2019 ás 20:00 horas, no Café Teatro do Pazo da Cultura de Narón

Relatores/as:

- **Antonio Rial Boubeta:** doutor en Psicoloxía Social e profesor titular da Universidade de Santiago de Compostela, director técnico da Unidade de Psicoloxía do Consumidor e Usuario e experto en metodoloxía de investigación en Ciencias Sociais e da Saúde.

- **Belén Montesa Lou:** psicóloga xeral sanitaria, especialista en adiccións, terapeuta familiar e técnica de prevención.

- **Anabel Mosquera González:** pedagoga, experta en adiccións , responsable do proxecto Fóra de xogo do Concello de Narón.